



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL QUE CUBRA UNHA PRAZA DE SOCORRISTA A XORNADA COMPLETA E UNHA PRAZA DE SOCORRISTA A TEMPO PARCIAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Contratar a 2 traballadores como socorristas acuáticos (un a xornada completa e outro a tempo parcial) para a atención da piscina municipal de Boqueixón mediante un contrato en réxime laboral temporal.

Segunda.- Duración dos contratos

- A DURACIÓN DO CONTRATO A XORNADA COMPLETA será dende o 15 de xuño ó 31 de agosto de 2015 (ambos inclusivos), non prorrogable.

- A DURACIÓN DO CONTRATO QUE SE REALIZA A TEMPO PARCIAL será de 1 mes que abranguerá dende o 1 ó 31 de agosto de 2015 (ambos inclusivos) DE 42 HORAS MENSUAIS DE AGOSTO de 2015.

Terceira.- Condicións dos/as aspirantes para participar no proceso selectivo

Para a admisión dos aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais:

1 Ser español/a (copia do NIF) ou membro da Unión europea.

2 Ter cumpridos os 18 anos.

3 Non padecer enfermidade ou defecto físico que inhabiliten para o desempeño normal das funcións que son obxecto do presente contrato. Presentar a declaración xurada de aptitude física e psíquica no momento de inscribirse no proceso de selección. Xúntase anexo 2.

4 Non haber sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de postos de traballo nas Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

5 Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Ley 53/1994 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas.

6 *Estar en posesión do CARNÉ DA XUNTA DE GALICIA que habilita como socorrista en instalacións acuáticas e espazos acuáticos naturais (os/as aspirantes deberán acreditar con fotocopia compulsada este punto no momento de facer a solicitude de admisión no proceso selectivo). DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.*

7 Estar en posesión como mínimo dun título de formación profesional de grao superior ou título universitario relacionado coa praza ofertada (os/as aspirantes deberán acreditar con fotocopia compulsada este punto no momento de facer a solicitude de admisión no proceso selectivo).

Cuarta.- Convocatoria

O Concello de Boqueixón procederá á publicación do anuncio de contratación na páxina Web do Concello de Boqueixón www.boqueixon.com, con data do 1 de xuño de 2015.

Os/as candidatos/as disporán de 5 días hábiles, contados a partir do mesmo día da publicación na citada páxina, para a presentación de solicitudes no Rexistro Xeral sito na Casa do Concello, en horario de 9 a 14 horas. O PRAZO REMATA O DÍA 5 DE XUÑO DE 2015 ÁS 14:00 HORAS.

Non serán admitidas aquelas solicitudes que non se fagan no rexistro xeral do Concello de Boqueixón. Para dúbidas os/as aspirantes poderán chamar o 981513061.

Os/as aspirantes/as farán un único proceso selectivo. O candidato que obteña a maior puntuación optará á contratación da praza de socorrista a tempo completo, e o segundo candidato en puntuación optará á contratación da praza de socorrista a tempo parcial. Quedando o resto dos aspirantes como suplentes primando a orde de puntuación acadada no proceso selectivo de maior a menor.

Quinta.- Comisión seleccionadora.

Tódolos membros da comisión seleccionadora terán unha titulación igual ou superior á praza a seleccionar:

PRESIDENTE: RICARDO ROMERO PERÉZ, SUPLENTE: ANSELMO CAEIRO VILAR.

SECRETARIO: ELENA SUÁREZ RODRÍGUEZ, SUPLENTE: JUAN CORRAL SÁNCHEZ

VOGAL 1: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO, SUPLENTE: PILAR PAZOS SANTASMARINAS.

VOGAL 2: ANSELMO CAEIRO VILLAR, SUPLENTE: ADELA LAMELA ARTEAGA.

VOGAL 3: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS, SUPLENTE: ROSARIO CANAVAL VAZQUEZ.

A comisión seleccionadora non poderá constituirse sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será preciso a asistencia do presidente e o secretario.

As actuacións da Comisión seleccionadora serán recurribles conforme o establecemento na Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

Sexta.- Proceso de selección

Os/as aspirantes/as farán un único proceso selectivo. A calificación para o proceso se obtendrá do resultado final da suma das puntuacións obtidas na baramación dos méritos, proba teórica, e a entrevista. O candidato que obteña a maior puntuación optará á contratación da praza de socorrista a tempo completo, e o segundo candidato en puntuación optará á contratación da praza de socorrista a tempo parcial. Quedando o resto dos aspirantes como suplentes primando a orde de puntuación acadada no proceso selectivo de maior a menor. No caso que se produzan empates na puntuación dirimirase atendendo ó candidato/a que obtivese maior puntuación na experiencia laboral.

A Comisión valorará a documentación presentada polos/as aspirantes de acordo cos requisitos establecidos:

- BAREMACIÓN CURRICULUM VITAE: Máximo de 10 puntos:

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1) Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar os 2 puntos. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, e DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:

- Cursos de máis de 100 horas: 1 puntos.
- Cursos de 40 horas a 99 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 8 horas a 39 horas: 0,25 puntos.

2) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto.

Celga 4: 1 punto

Celga 3: 0,75 punto

Celga 2: 0,50 puntos

Celga 1: 0,25 puntos

3) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 7 puntos:

- Traballos prestados como socorrista acuático na administración local: Por cada mes traballado 1 punto.
- Traballos prestados como socorrista acuático en empresa privada: Por cada mes traballado 0,25 puntos.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

- PROBA ESCRITA: Máximo 20 puntos.

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e é eliminatorio**. A puntuación máxima será de 20 puntos e a mínima para superar a proba é de 10 puntos

- ENTREVISTA: Máximo 4 puntos.

A entrevista está dirixida a determinar a adaptabilidade, os coñecementos e o interese polo posto de traballo. Esta fase terá unha valoración máxima de 4 puntos.

Sétima.- Acreditación de méritos.- Os méritos comprendidos no apartado 1, 2 da base anterior acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos correspondentes.

Os méritos do apartado 3 da base sexta, acreditaranse con contrato de traballo ou certificado de empresa acreditando o período traballado e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Asemesmo, terá que presentarse copias compulsadas de toda a documentación acreditativa.

Oitava.- Datas da realización das probas.-

Baremación curricular: a Comisión reunirse ás 9:00 horas do día 10 de xuño de 2015 no Salón de Plenos da Casa do Concello de Boqueixón para a realización da baremación do méritos aportados polos/as aspirantes.

Proba escrita: realizarase ás 10:30 horas do día 10 de xuño de 2015 no Salón de Plenos do Concello de Boqueixón a proba tipo Test a todos/as as aspirantes.

Entrevista: realizarase ás 12:00 horas do día 10 de xuño de 2015 no Salón de Plenos do Concello de Boqueixón a cada candidato individualmente.

Os/as candidato/as que o soliciten se lles facilitará o temario que está descrito no anexo I.

Novena.- Rematada a selección o Tribunal publicará no taboleiro os nomes do/a participantes titulares dos postos seleccionados/as coa súa puntuación correspondente, e nomes do candidatos/as suplentes que terá vixencia mentres se manteñan as circunstancias que deron lugar a esta convocatoria.

Décima.- Proposta de contratación

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

Undécima.- Incidencias. A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Anexo 1. Temario

- **DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.**
- **Manual para la enseñanza de monitores en soporte vital básico y desfibrilación externa semiautomática.**
- **Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico-sanitaria de piscina de uso colectivo.**



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

Anexo II

DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Nome e apelidos:.....

DNI:..... Data nacemento:.....

Domicilio:.....

Localidade:..... Provincia:.....

Código postal: Núm. Teléfono:.....

E-mail:.....

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, **DECLARO** que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de máximo esforzó, fora e dentro da auga, que require o posto de traballo.

Asemesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón,de de 2015

O/A intresado/a:.....



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 52

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es

WEB: www.boqueixon.com

INSTANCIA

CONVOCATORIA SOCORRISTA TEMPADA 2015
CONTRATACIÓN DE PERSOAL QUE CUBRA UNHA PRAZA DE SOCORRISTA
A XORNADA COMPLETA E UNHA PRAZA DE SOCORRISTA A TEMPO
PARCIAL EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
TELÉFONO e (E-MAIL)	ENDEREZO: RÚA OU PRAZA E NÚMERO		CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	PROVINCIA	NACIONALIDADE	
DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA: Copia DNI Carné da Xunta de Galicia que habilita como socorrista en instalacións acuáticas. Título de formación profesional ou título universitario relacionado coa praza Informe Vida laboral Contrato de traballo ou certificado de empresa Certificados de cursos formativos			
Boqueixón, de.....de 2015		Selo da Entidade	
Sinatura			